

PLAN GALEGO DE FINANCIAMIENTO UNIVERSITARIO


Marco financeiro

2016-2020

1. O escenario do que partimos


- O plan actual (2011-2015) dotou dun **marco de estabilidade financeira** ao SUG
- **Blindáronse os fondos** ás tres universidades galegas, que se distribuíron entre:
 - Financiamento estrutural: cunha parte fixa e outra variable
 - Financiamento por resultados
 - Financiamento por mellora da calidade
- Todo isto foi posible grazas ao importante esforzo financeiro realizado pola Xunta de Galicia
 - As universidades absorberon en 2014 o 4,81% dos ingresos non financeiros da Xunta

O escenario do que partimos



O escenario do que partimos


- O plan cumpriuse seguindo unha folla de ruta consensuada e incluso superou as expectativas marcadas en 2011



2. Cara onde imos. Senda financeira

- O Plan de financiamento universitario 2016-2020 comparte os obxectivos últimos do anterior e introduce unha serie de **novidades**
 - **Incrementátase a contía das partidas** dende o primeiro ano
 - Establécese un **novo reparto** de fondos
 - Elimínanse as partidas de criterios históricos en prol da **transparencia**
 - Incentívase a **xestión eficiente** das universidades e os seus **méritos e logros**
 - Avánzase cara **reformas estruturais**
 - Prímase a **cooperación interuniversitaria, a especialización dos campus, a internacionalización**, a mellora da **empregabilidade** e a aposta por **graos en inglés**
 - Aumenta tamén o **esforzo financeiro** da Xunta de Galicia

Cara onde imos. Senda financeira



- É dicir, no vindeiro ano as partidas propias do plan **incrementáanse en case un 5% con respecto a 2015 (preto de 20 millóns)**


3. A estrutura do novo plan

- Partidas do plan*: o futuro plan artéllase en torno a dous grandes fondos
 - FINANCIAMENTO ESTRUCTURAL
 - FINANCIAMENTO POR RESULTADOS

- Partidas de fóra do plan*
 - Convenios doutras consellerías
 - Fondos Europeos
 - Fondos do GAIN, etc.

*Ambas as dúas son partidas dependentes de financiamento público

A estrutura do novo plan



- **Son dous vasos comunicantes:** é dicir, un posible decrecemento nun dos fondos será compensado polo outro. Grazas a isto, blíndase a cantidade global
- **Obxectivos de futuro:** acadar progresivamente que o **financiamento por resultados chegue ao 40%**

A estrutura do novo plan

- **Financiamento estrutural**
 - Representa inicialmente o **66,6% do total** do financiamento do plan
 - O seu importe inicial será **de 237,75 millóns de euros anuais**
 - Reflicte o **custo estimado das necesidades de persoal** docente e administrativo para a prestación dos servizos dun xeito eficiente, **partindo de criterios de custo estándar** da docencia
 - O importe deste custo **calcúlase en función do número de alumnado** matriculado en cada materia de grao e mestrado
 - Por tanto, elimínanse os criterios históricos e **o alumnado real, xunto coa oferta de créditos matriculados, convértese no criterio básico** deste fondo
 - Trátase dun **sistema obxectivo e transparente**, no que non é posible ningún tipo de discriminación


A estrutura do novo plan

- **Financiamento por resultados**
 - Representa inicialmente o **33,4% do total** do financiamento do plan. Irá medrando ata acadar o 40%
 - Incorpora os **sexenios e os complementos retributivos autonómicos** que corresponden a méritos individuais
 - Os **indicadores** son de índole académica, de investigación e de transferencia, tales como
 - Taxa de rendemento académico
 - Producción científica
 - Tempo medio en atopar un emprego
 - Introdúcense **obxectivos de mellora da calidade** para avanzar na cooperación interuniversitaria, na especialización dos campus, nos idiomas ou na mellora en rankings
 - Inclúe convenios vinculados a liñas de investigación (Bugalicia, Cesga, cofinanciamento para a captación de talento, centros singulares de investigación...)

4. Novos retos, novos camiños

- Establécese un **dobre salto, cuantitativo e cualitativo**, con respecto ao plan anterior
 - **Elimínanse as partidas de criterios históricos**, orientando todo o fondo estrutural ao número de alumnado e á oferta de créditos matriculados
 - **Apóstase pola simplificación**: posto que o resto dos conceptos quedan vinculados á consecución de resultados
 - **Haberá flexibilidade entre os dous grandes fondos** co obxectivo de **blindar as cantidades** (os aumentos ou descensos do fondo estrutural compensaranse co de resultados e viceversa)

Novos retos, novos camiños



- O financiamento público supón un importante esforzo: **2.470 millóns para o vindeiro quinquenio**
- **O futuro plan contará con 365 millóns de euros máis** que as previsións do plan anterior (que foron de 2.105 millóns de euros e actualmente supéranse os 2.230)
- O total do financiamento inicial para as tres universidades suporá ao redor do **5% dos ingresos non financeiros** da Xunta

Novos retos, novos camiños

- En resumo,
 - Hai un **incremento de partidas globais**, que se notará xa o vindeiro ano 2016
 - **Auméntase tamén o peso do financiamento por resultados**, en liña co que viña reclamando nestes últimos anos a comunidade universitaria
 - Estimúlase a consecución de obxectivos e **logros individuais e colectivos**
 - Apóstase por un **reparto baseado na transparencia e na obxectividade**
 - O plan incentiva a posta en marcha de **reformas estruturais progresivas**, que deben camiñar cara unha **universidade eficiente** e servir para **modernizar o SUG**

Novos retos, novos camiños

- En resumo,
 - Queda blindada a **autonomía das universidades**, entendida como un exercicio de responsabilidade
 - Búscase camiñar cara a **internacionalización e a especialización dos campus**
 - E visibiliza de novo o esforzo e a **aposta da sociedade galega por seguir mantendo un Sistema universitario forte, eficiente e moderno**
- Todo isto supón un significativo esforzo de toda a sociedade que permitirá colocar ás tres institucións galegas na vangarda universitaria